



DATOS IDENTIFICATIVOS

Dereito penal I

Materia	Dereito penal I			
Código	O03G081V01302			
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	2	1c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Castelán Galego			
Departamento	Dereito público			
Coordinador/a	Rodríguez Vázquez, Virgilio			
Profesorado	Arias Carral, Manuel García Sobrado, José Manuel Rodríguez Vázquez, Virgilio			
Correo-e	virxilio@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Materia na que se estudan conceptos xerais do Dereito penal, con especial atención na teoría do delito e na teoría da pena. Materia do programa English Friendly. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.			

Competencias

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
B2	Coñecer as distintas manifestacións do Dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual
B3	Ser capaz de utilizar os principios e valores constitucionais como ferramenta de traballo da interpretación do dereito e desenvolver dialéctica xurídica
B4	Ser capaz de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
C43	CE51 - Coñecer o concepto de Dereito penal, os criterios de aplicación temporal e espacial das normas penais, a Teoría Xeral do delito e as consecuencias xurídicas do delito
C44	CE52 - Saber interpretar e aplicar as normas de Dereito penal prestando especial atención ao seu desenvolvemento pola doutrina penal española e comparada
D1	Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos, así como, organización, planificación e utilización do tempo ante situacións de presión.
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecer o significado e a función do Dereito penal		B1	C43	
Coñecer as fontes do Dereito penal	A3		C43	D5
	A5		C44	
Utilizar os diferentes métodos de interpretación xurídica aplicados ao Dereito penal	A3	B4	C44	D5
Coñecer, comprender, interpretar e analizar adecuadamente as categorías e conceptos da Teoría Xeral do Delicto	A3	B1	C43	D1
		B2		D5
		B3		

Coñecer, comprender, interpretar e analizar adecuadamente a Teoría da Pena	A3	B1	C43	
	A5	B3	C44	
Coñecer e comprender os problemas sobre os concurso de leis e de delitos	A3	B3	C43	D1
		B4	C44	
Resolver supostos prácticos en materia penal, manexando adecuadamente as aportacións doutriniais e xurisprudenciais para fundamentar xurídicamente a solución	A2	B2	C43	D5
	A3	B3		
	A5	B4		

Contidos

Tema

INTRODUCCIÓN	<p>Lección 1. Dereito penal. Denominación. Dereito penal obxectivo. Concepto formal de Dereito penal. Concepto material de Dereito penal. Autonomía ou accesoriade do Dereito penal. Parte xeral e Parte especial do Dereito penal.</p> <p>Lección 2. O ius puniendi ou potestade punitiva (o denominado Dereito penal subxectivo)</p> <p>Lección 3. Ciencia xurídico penal, ciencias penais e relacións do Dereito penal con outras ramas do Dereito.</p> <p>Lección 4. Evolución da Ciencia penal e do Dereito penal.</p> <p>Lección 5. Fontes do Dereito penal. O principio de legalidade penal. A lei penal. Outras fontes do Dereito penal.</p> <p>Lección 6. Interpretación da lei penal.</p> <p>Lección 7. Ámbito temporal da lei penal.</p> <p>Lección 8. Ámbito espacial da lei penal.</p>
O DELITO	<p>Lección 9. Concepto de delito. A estrutura do concepto de delito: a súa evolución. Concepto legal de delito no Dereito español.</p> <p>Lección 10. A acción ou conduta como fundamento do delito.</p> <p>Lección 11. Ausencia de acción: causas e supostos. As [actuacións] das persoas xurídicas.</p>
O DELITO COMISIVO	<p>Lección 12. O tipo de inxusto. Clases de delitos (tipos).</p> <p>Lección 13. A antixuridicidade. O ben xurídico.</p> <p>Lección 14. Parte obxetiva do tipo de inxusto. Elementos obxetivos do tipo.</p> <p>Tipos abertos e elementos especiais da antixuridicidade. Elementos esenciais e accidentais do tipo.</p> <p>Lección 15. Parte obxetiva do tipo en delitos de resultado: causalidade e imputación obxetiva.</p> <p>Lección 16. Parte subxetiva do tipo. Introducción. Elementos subxetivos (específicos) do tipo ou do inxusto. O dolo.</p> <p>Lección 17. Exclusión do dolo: o erro de tipo. Erro de prohibición. Erro directo e inverso (de tipo ou de prohibición). Erro sobre causas de xustificación. Erro sobre causas de atipicidade penal. Erro sobre os tipos abertos.</p> <p>Lección 18. A imprudencia. O delito imprudente.</p> <p>Lección 19. Principio de responsabilidade subxetiva e combinacións de dolo e imprudencia.</p> <p>Lección 20. Parte negativa do tipo: causas de atipicidade.</p> <p>Lección 21. Parte negativa do tipo: causas de xustificación.</p> <p>Lección 22. Lexítima defensa.</p> <p>Lección 23. Estado de necesidade e estado de necesidade defensivo.</p> <p>Lección 24. Caso fortuito. Risco permitido. Inesixibilidade xurídica xeral.</p> <p>Lección 25. O cumprimento dun deber e o exercicio lexítimo dun dereito, oficio ou cargo. A cuestión da obediencia debida. O consentimento.</p> <p>Lección 26. A culpabilidade. A imputabilidade. A lei de responsabilidade penal do menor de idade. A [actio libera in causa].</p> <p>Lección 27. A conciencia da antixuridicidade. O erro de prohibición (remisión). O erro sobre as causas de inculpabilidade. A inesixibilidade subxetiva. O medo insuperable. Distintas clases de emocións, afectos ou estados persoais e a súa relevancia. O conflito.</p> <p>Lección 28. A punibilidade. Condicións obxetivas de punibilidade. Causas persoais de exclusión da punibilidade e de excusas absolutorias ou causas de supresión ou condonación da punibilidade.</p>
O DELITO OMISIVO	<p>Lección 29. A omisión. Clases: tipos de omisión pura e tipos de comisión por omisión. O tipo de omisión pura. O tipo de comisión por omisión. Peculiaridades dos delitos omisivos.</p>

FORMAS DE APARICIÓN DO DELITO

Lección 30. As etapas na realización do delito.
 Lección 31. A codelincuencia: a autoría. Conceptos de autor. Distinción entre autoría e participación no sistema da autoría restritiva: consecuencias e criterios. As formas da autoría. A regulación da autoría no Código penal.
 Lección 32. A codelincuencia: a participación. As formas de participación no Código penal.
 Lección 33. Unidade e pluralidade de delitos. O concurso de leis: regras. O concurso de delitos. Delito permanente e delito de hábito. Delito continuado.

CIRCUNSTANCIAS MODIFICATIVAS XENÉRICAS

Lección 34. Circunstancias xenéricas. Teoría do delito ou da determinación da pena. Diversos sistemas legislativos. Clasificación sistemática.

Lección 35. Circunstancias atenuantes. As eximentes incompletas.

AS CONSECUENCIAS XURÍDICAS DO DELITO

Lección 36. O sistema de sancións no Dereito penal español. A pena privativa de liberdade. Formas substitutivas da execución das penas privativas de liberdade.

Lección 37. Penas privativas de dereitos. A pena de multa. Disposicións comúns sobre as penas, as súas clases e efectos.

Lección 38. Aplicación e determinación das penas.

Lección 39. As medidas de seguridade. As consecuencias accesorias.

Lección 40. Extinción da responsabilidade criminal.

Lección 41. A responsabilidade civil derivada de delitos.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	51.5	99.5	151
Resolución de problemas	25	44	69
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2
Exame de preguntas obxectivas	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan casos prácticos e/ou problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas. Aadoita empregarse como complemento da lección maxistral.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	O alumnado será atendido nos horarios de titorías que serán publicados na web da Facultade de Dereito. Poderá atenderse, previa cita -concertada mediante correo electrónico-, ou ben a través de correo electrónico ou ben a través de despacho virtual no campus remoto-integra da Universidade de Vigo.
Resolución de problemas	O alumnado será atendido nos horarios de titorías que serán publicados na web da Facultade de Dereito. Poderá atenderse, previa cita -concertada mediante correo electrónico-, ou ben a través de correo electrónico ou ben a través de despacho virtual no campus remoto-integra da Universidade de Vigo.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Resolución de problemas e/ou exercicios	O sistema de avaliación continua consistirá na entrega da resolución de exercicios e nun exame final. Valorarase positivamente a resolución argumentada e entregada a través da plataforma de teledocencia dos exercicios sinalados polo profesorado. Outorgaranse 2 puntos na cualificación final a quen entregue resoltos o 100% dos exercicios. No caso de que non se entregue o 100% dos exercicios, o/a alumno/a non poderá acollerse ao sistema de avaliación continua, debendo someterse a un único exame final. Mediante a resolución de problemas e/ou exercicios avalíanse os seguintes resultados da aprendizaxe: resolver supostos prácticos en materia penal, manexando adecuadamente as aportacións doutriniais e xurisprudenciais para fundamentar xuridicamente a solución.	20	A2 B1 C43 D1 A3 B2 C44 D5 A5 B3 B4
Exame de preguntas obxectivas	Para quen se someta á avaliación continua, o exame final puntuarase sobre un máximo de 8 puntos. O exame final comprenderá a totalidade do temario e constará de dúas partes, unha teórica e outra práctica, que se cualificarán de 0 a 4 puntos cada unha delas. A parte teórica consistirá en probas tipo test, para cuxa cualificación as respostas correctas suman o mesmo que restan as incorrectas, non puntuando as deixadas en branco. A parte práctica consistirá na resolución dun ou varios casos prácticos. A cualificación final do exame será a suma das cualificacións obtidas en cada unha das partes. O exame final celebrarase na data oficial da convocatoria ordinaria para a primeira oportunidade, atendendo ao calendario oficial aprobado pola Xunta de Facultade para o curso 2020-2021. Para superar a materia polo sistema de avaliación continua é necesario obter un mínimo de 5 puntos na suma das puntuacións antes indicadas en cada parte (resolución e entrega de exercicios + parte teórica do exame + parte práctica do exame). Mediante estas probas avalíanse os seguintes resultados da aprendizaxe: coñecer o significado e a función do Dereito penal, coñecer as fontes do Dereito penal, utilizar os diferentes métodos de interpretación xurídica aplicados ao Dereito penal, coñecer, comprender, interpretar e analizar adecuadamente as categorías e conceptos da Teoría xeral do delito, coñecer e comprender os problemas sobre os concursos de leis e delitos, resolver supostos prácticos en materia penal, manexando adecuadamente as aportacións doutriniais e xurisprudenciais para fundamentar xuridicamente a solución.	80	A2 B1 C43 D1 A3 B2 C44 D5 A5 B3 B4

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA ASISTENTES 1.ª EDICIÓN DE ACTAS

a) SISTEMA DE AVALIACIÓN CONTINUA

Descríbese nos apartados anteriores.

b) SISTEMA DE EXAME FINAL

Para quen non opte polo sistema de avaliación continua, a avaliación da materia consistirá nun único exame final, na data fixada no calendario oficial aprobado pola Xunta de Facultade para o curso 2020-2021.

O devandito exame, que comprenderá a totalidade do temario e constitúe o 100% da cualificación da materia, constará de dúas partes, unha teórica e outra práctica, que se cualificarán de 0 a 5 puntos cada unha delas. A parte teórica consistirá en probas tipo test, para cuxa cualificación as respostas correctas suman o mesmo que restan as incorrectas, non puntuando as deixadas en branco. A parte práctica consistirá na resolución dun ou varios casos prácticos. A cualificación final do exame será a suma das cualificacións obtidas en cada unha das partes. Para superar a materia é necesario obter un mínimo de 5 puntos na suma da cualificación de ámbalas dúas partes.

As competencias que se avalían e os resultados de aprendizaxe para o alumnado non se somete á avaliación continua coinciden cos establecidos para o alumnado que se somete á avaliación continua, salientando as seguintes competencias: CB2, CB3, CG1, CG2, CG3, CG4, CE43, CE44, CT1, CT5, e os seguintes resultados de aprendizaxe: coñecer o significado e a función do Dereito penal; coñecer as fontes do Dereito penal; utilizar os diferentes métodos de interpretación xurídica aplicados ao Dereito penal; coñecer, comprender, interpretar e analizar adecuadamente as categorías e conceptos da Teoría Xeral do Delito; coñecer, comprender, interpretar e analizar adecuadamente a Teoría da Pena; coñecer e comprender os problemas sobre os concurso de leis e de delitos: resolver supostos prácticos en materia penal, manexando adecuadamente as aportacións doutriniais e xurisprudenciais para fundamentar xuridicamente a solución.

2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA ASISTENTES 2.ª EDICIÓN DE ACTAS E FIN DE CARREIRA

A avaliación da materia consistirá nun único exame final, na data fixada no calendario oficial aprobado pola Xunta de Facultade para o curso 2020-2021.

O devandito exame, que comprenderá a totalidade do temario e constitúe o 100% da cualificación da materia, constará de

dúas partes, unha teórica e outra práctica, que se cualificarán de 0 a 5 puntos cada unha delas. A parte teórica consistirá en probas tipo test, para cuxa cualificación as respostas correctas suman o mesmo que restan as incorrectas, non puntuando as deixadas en branco. A parte práctica consistirá na resolución dun ou varios casos prácticos. A cualificación final do exame será a suma das cualificacións obtidas en cada unha das partes. Para superar a materia é necesario obter un mínimo de 5 puntos na suma da cualificación de ámbalas dúas partes.

As competencias que se avalían e os resultados de aprendizaxe para o alumnado que se acolla a estas oportunidades de avaliación coinciden cos establecidos para o alumnado que se acolle á avaliación continua, salientando as seguintes competencias: CB2, CB3, CG1, CG2, CG3, CG4, CE43, CE44, CT1, CT5, e os seguintes resultados de aprendizaxe: coñecer o significado e a función do Dereito penal; coñecer as fontes do Dereito penal; utilizar os diferentes métodos de interpretación xurídica aplicados ao Dereito penal; coñecer, comprender, interpretar e analizar adecuadamente as categorías e conceptos da Teoría Xeral do Delito; coñecer, comprender, interpretar e analizar adecuadamente a Teoría da Pena; coñecer e comprender os problemas sobre os concurso de leis e de delitos: resolver supostos prácticos en materia penal, manexando adecuadamente as aportacións doutrinarias e xurisprudenciais para fundamentar xuridicamente a solución.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

DÍAZ Y GARCÍA CONLLEDO (dir.)/TRAPERO BARREALES/DURÁN SECO/ESCOBAR VÉLEZ, **Casos prácticos de Derecho Penal. 1. Introducción y consecuencias jurídicas del delito**, 1.ª, EOLAS, 2012

LUZÓN PEÑA, Diego-Manuel, **Lecciones de Derecho penal. Parte general**, 3.ª, Tirant lo Blanch, 2016

LUZÓN PEÑA, Diego-Manuel (dir.), **Derecho Penal en Casos Parte General -Estudio Analítico-práctico-**, 1.ª, Tirant lo Blanch, 2018

LUZÓN PEÑA, (dir.), DÍAZ Y GARCÍA CONLLEDO, (coord.), DE VICENTE REMESAL, PAREDES CASTAÑÓN. OLAIZOLA, **Código Penal**, 5.ª, Reus, 2017

MIR PUIG, Santiago (a cargo de Víctor Gómez Martín), **Derecho penal. Parte general**, 10.ª, Reppertor, 2015

MUÑOZ CONDE, Francisco/GARCÍA ARÁN, Mercedes, **Derecho penal. Parte general**, 9.ª, Tirant lo Blanch, 2015

CARD, Richard/MOLLOY, Jill, **Card, Cross & Jones Criminal Law**, 22.ª, Oxford, 2016

CRAWLEY, Elaine/SPARKS, Richard, **Age of Imprisonment: Work, Life and Death Among Older Men in British Prisons**, 1.ª, Routledge, 2013

DZUR, Albert/LOADER, Ian/SPARKS, Richard, **Democratic Theory and Mass Incarceration**, 1.ª, Oxford, 2016

GARLAND, David/SPARKS, Richard, **Criminology and Social Theory**, 1.ª, Oxford, 2000

HERRING, Jonathan, **Criminal Law Text, Cases, and Materials**, 8.ª, Oxford, 2018

HOPE, Tim/SPARKS, Richard, **Crime, Risk and Insecurity**, 1.ª, Routledge, 2000

HORDER, Jeremy, **Ashworth's Principles of Criminal Law**, 9.ª, Oxford, 2019

LOADER, Ian/SPARKS, Richard, **Public Criminology**, 1.ª, Routledge, 2011

NEWBURN, Tim/ SPARKS, Richard, **Criminal Justice and Political Culture: National and International dimensions of crime control**, 1.ª, Routledge, 2004

ORMEDORD, David/LAIRD, Karl, **Smith, Hogan, & Ormerod's Criminal Law**, 15.ª, Oxford, 2018

SPARKS, Richard/BOTTOMS, Anthony/HAY, Will, **Prisons and the Problem of Order**, 1.ª, Clarendon, 1996

Bibliografía Complementaria

ÁLVAREZ GARCÍA, Javier/GONZÁLEZ CUSSAC, José Luis (dir.), **Comentarios a la reforma penal de 2010**, 1.ª, Tirant lo Blanch, 2010

BERDUGO GÓMEZ DE LA TORRE, Ignacio, **Lecciones y materiales para el estudio del Derecho penal. Tomo I, Introducción al Derecho penal**, 2.ª, lustel, 2015

BUSTOS RAMÍREZ, Juan/HORMAZÁBAL MALARÉE, Hernán, **Lecciones de Derecho penal. Parte general**, 1.ª ed. Reimpresión, Trotta, 2006

CEREZO MIR, José, **Curso de Derecho penal español. Parte general, Tomo III. Teoría jurídica del delito/2**, 1.ª, Tecnos, 2001

CEREZO MIR, José, **Curso de Derecho penal español. Parte general, Tomo II. Teoría jurídica del delito/1**, 6.ª, Tecnos, 1998

CEREZO MIR, José, **Curso de Derecho penal español. Parte general, Tomo I. Introducción**, 6.ª, Tecnos, 2004

COBO DEL ROSAL, Manuel/VIVES ANTÓN, Tomás, **Derecho penal. Parte general**, 5.ª, Tirant lo Blanch, 1999

COBO DEL ROSAL, Manuel/QUINTANAR DÍEZ, Manuel, **Instituciones de Derecho penal español, Parte general**, 2.ª ed. Reimpresión, CESEJ, 2008

COBO DEL ROSAL, Manuel; PERIS RIERA, Jaime Miguel; QUINTANAR DÍEZ, Manuel; SÁNCHEZ DOMINGO, Mª Belén, **Sinopsis de Derecho penal. Parte general libro de estudio**, 1.ª, Dykinson S.L., 2011

CUELLO CONTRERAS, Joaquín, **El Derecho penal español. Parte general. Nociones introductorias. Tomo I**, 3.ª, Dykinson S.L., 2002

CUELLO CONTRERAS, Joaquín, **El Derecho penal español. Parte general. Volumen II. Teoría de delito**, 1.ª, Dykinson S.L., 2009

CUELLO CONTRERAS, Joaquín/MAPELLI CAFFARENA, Borja, **Curso de Derecho penal. Parte general**, 3.ª, Tecnos, 2015

CUERDA ARNAU, María Luisa, **Derecho Penal Parte General Casos prácticos**, 1.ª, Tirant lo Blanch, 2004

DEMETRIO CRESPO, Eduardo (coord.), **Lecciones y materiales para el estudio del Derecho penal, Tomo II: Teoría del delito**, 2.ª, lustel, 2015

- DEMETRIO CRESPO, Eduardo, **Prevención general e individualización judicial de la pena**, 2.ª, Editorial B de f, 2016
- DE VICENTE MARTÍNEZ, Rosario, **Vademécum de Derecho penal**, 4.ª, Tirant lo Blanch, 2016
- DÍEZ RIPOLLÉS, José Luis, **Derecho penal español, Parte General, en esquemas**, 4.ª, Tirant lo Blanch, 2016
- GARCÍA-PABLOS DE MOLINA, Antonio, **Introducción al Derecho penal**, 5.ª, Centro de Estudios Ramón Areces, 2012
- GIL GIL, Alicia/LACRUZ LÓPEZ, Juan Manuel/MELENDO PARDOS, Mariano/NÚÑEZ FERNÁNDEZ, José, **Curso de Derecho penal, Parte General**, 2.ª, Dykinson S.L., 2015
- GÓMEZ RIVERO, Carmen (dir.)/MARTÍNEZ GONZÁLEZ, Isabel/NÚÑEZ CASTAÑO, Elena, **Nociones fundamentales de Derecho penal, Parte general**, 3.ª, Tecnos, 2015
- GONZÁLEZ CUSSAC, José Luis, **Esquemas: Derecho Penal. Parte General**, 5.ª, Tirant lo Blanch, 2015
- GRACIA MARTÍN, Luis (coord.)/BOLDOVA PASAMAR, Miguel Ángel/ALASTUEY DOBÓN, Carmen, **Lecciones de consecuencias jurídicas del delito: el sistema de penas, medidas de seguridad. consecuencias accesorias y responsabilidad civil derivadas del delito**, 5.ª, Tirant lo Blanch, 2015
- JESCHECK, Hans-Heinrich/WEIGEND, Thomas, **Tratado de Derecho penal. Parte general. Traducción de la 5.ª edición alemana por OLMEDO CARDENETE**, 5.ª, Comares, 2002
- LANDECHO VELASCO, Carlos María/MOLINA BLÁZQUEZ, Concepción, **Derecho penal español. Parte general**, 10.ª, Tecnos, 2017
- LASCURAÍN SÁNCHEZ, Juan Antonio (coord.), **Introducción al Derecho penal**, 2.ª, Civitas Thomson Reuters, 2015
- LUZÓN CUESTA, José María, **Compendio de Derecho penal Parte General**, 23.ª, Dykinson S.L., 2016
- MAPELLI CAFFARENA, Borja, **Las consecuencias jurídicas del delito**, 5.ª, Civitas Thomson Reuters, 2011
- MAQUEDA ABREU, María Luisa/LAURENZO COPELLO, Patricia, **El Derecho penal en casos. Parte general. Teoría y práctica**, 5.ª, Tirant lo Blanch, 2017
- MARTÍNEZ ESCAMILLA, Margarita/MARTÍN LORENZO, María/VALLE MARISCAL DE GANTE, María, **Derecho penal. Introducción. Teoría Jurídica del Delito. Materiales para su docencia y aprendizaje**, 1.ª, Universidad Complutense de Madrid, 2012
- OBREGÓN GARCÍA, Antonio, **Derecho penal. Parte general : elementos básicos de teoría del delito**, 2.ª, Tecnos, 2015
- ORTIZ DE URBINA GIMENO, Íñigo (coord.), **Memento Reforma penal: L.O. 5/2010**, 1.ª, Francis Lefebvre, 2010
- ORTS BERENGUER, Enrique/GONZÁLEZ CUSSAC, José Luis, **Compendio de Derecho penal. Parte General**, 7.ª, Tirant lo Blanch, 2017
- POLAINO NAVARRETE, Miguel, **Lecciones de Derecho penal parte general. Tomo I**, 3.ª, Tecnos, 2017
- POLAINO NAVARRETE, Miguel, **Lecciones de Derecho penal parte general. Tomo II**, 2.ª, Tecnos, 2016
- QUINTERO OLIVARES, Gonzalo (con colaboración de F. MORALES PRATS), **Parte General del Derecho Penal**, 5.ª, Aranzadi, 2015
- QUINTERO OLIVARES, Gonzalo (dir.), **La reforma penal de 2010: análisis y comentarios**, 1.ª, Aranzadi, 2010
- QUINTERO OLIVARES, Gonzalo et al. (dir.), **Esquemas de Teoría jurídica del delito y de la pena**, 3.ª, Tirant lo Blanch, 2010
- RIOS, Julián/PASCUAL, Esther/ETXEBARRÍA, Xabier, **Manual sobre las consecuencias jurídicas del delito. Su determinación y aplicación**, 1.ª, Universidad Pontificia Comillas, 2016
- ROCA AGAPITO, Luis, **Las consecuencias jurídicas del delito**, 1.ª, Tirant lo Blanch, 2017
- RODRÍGUEZ RAMOS, Luis, **Compendio de Derecho penal**, 2.ª, Dykinson S.L., 2010
- RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, Virgilio, **Responsabilidad penal en el ejercicio de actividades médico-sanitarias**, 1.ª, Marcial Pons, 2012
- ROXIN, Claus (traducción de la 2ª ed. alemana y notas por Diego-Manuel Luzón Peña, Miguel Díaz y Gar, **Derecho penal. Parte general. T.I, Fundamentos. La estructura de la teoría del delito**, 1.ª, Civitas Thomson Reuters, 2008
- ROXIN, Claus (Traducción y notas de Diego-Manuel Luzón Peña (Director), José Manuel Paredes Castañón, **Derecho penal, Parte General, tomo II, Especiales formas de aparición del delito**, 1.ª, Civitas, 2014
- RUBIO LARA, Pedro Ángel, **Teoría de la pena y consecuencias jurídicas del delito**, 1.ª, Tirant lo Blanch, 2017
- RUBIO LARA, Pedro Ángel, **Manual Teórico-Práctico de la Teoría Jurídica del delito (adaptado a las reformas de 2015)**, 1.ª, Tirant lo Blanch, 2017
- SÁNCHEZ MELGAR, Julián (coord.), **Código Penal. Comentarios y Jurisprudencia**, 4.ª, Sepin, 2016
- SÁNCHEZ-OSTIZ, Pablo/ÍÑIGO CORROZA, María Elena, **Delictum 2.0. Materiales para clases prácticas de introducción a la teoría general del delito**, 3.ª, Aranzadi, 2015
- SÁNCHEZ-OSTIZ GUTIÉRREZ, Pablo, **Casos que hicieron doctrina en Derecho penal**, 2.ª, La Ley, 2011
- VARELA CASTRO, Luciano/BARREIRO PRADO, Xosé Xoán, **Diccionario xurídico galego**, 1.ª, Ed. Xerais/Xunta de Galicia, 2011
- ZÁRTAE CONDE, Antonio/GONZÁLEZ CAMPO, Eleuterio, **Derecho penal. Parte General**, 1.ª, La Ley, 2015
- ZUGALDÍA ESPINAR, José Miguel (dir.)/PÉREZ ALONSO, Esteban Juan (coord.)/et al., **Fundamentos de Derecho penal (Parte General)**, 4.ª, Tirant lo Blanch, 2010

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Dereito penal II/O03G081V01402

Criminoloxía e dereito penitenciario/O03G081V01925

Dereito penal e procesual de menores/O03G081V01924

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Dereito: Dereito constitucional I/O03G081V01103

Dereito: Dereito romano/O03G081V01104

Dereito: Teoría do dereito/O03G081V01102

Informática: Novas tecnoloxías aplicadas ao dereito/O03G081V01101

Outros comentarios

É necesario estudar a materia a través de manuais e do Código Penal vixente.

O manual de referencia é o seguinte: LUZÓN PEÑA, Diego-Manuel, Lecciones de Derecho penal. Parte general, 3.^a ed., Valencia, Tirant lo Blanch, 2016.

As prácticas faranse seguindo o libro: LUZÓN PEÑA, Diego-Manuel (dir.), Derecho Penal en Casos, Parte General -Estudio Analítico-práctico-, Valencia, Tirant lo Blanch, 2018.

É necesario completar o estudo a través da xurisprudenza. Xa que logo, será preciso o adecuado manexo das Bases de Datos xurídicas (electrónicas).

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen: mantéñense todas as metodoloxías docentes. Levaráanse a cabo utilizando os recursos telemáticos postos á disposición pola Universidade de Vigo: plataforma de teledocencia, aulas e despachos virtuais no campus remoto-integra.

* Metodoloxías docentes que se modifican: non se modifica ningunha metodoloxía docente.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías): atenderase, previa cita -concertada mediante correo electrónico-, ou ben a través de correo electrónico ou ben a través de despacho virtual no campus remoto-integra da Universidad de Vigo.

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir: non se modifican os contidos a impartir.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe: non se require bibliografía adicional. Por esta razón recoméndase ao alumnado que adquira, polo menos, o manual de referencia da materia, LUZÓN PEÑA, Diego-Manuel, Lecciones de Derecho penal. Parte general, 3.^a ed., Tirant lo Blanch, Valencia, 2016, e o Libro de casos prácticos LUZÓN PEÑA, Diego-Manuel (dir.), Derecho Penal en Casos Parte General -Estudio Analítico-práctico-, Tirant lo Blanch, Valencia, 2018. Ámbolos dous libros están sinalados na bibliografía contida na guía docente e poden adquirirse en formato físico e/ou dixital.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Non é necesaria ningunha adaptación.